

## **Tipos de planos no cine**

Os planos cinematográficos dependen da cantidade de cousas que se ven nunha imaxe, é dicir, da cantidade de escena que ocupa para transmitir unhas sensacións ou outras. Existen moitos tipos de planos pero imos a coñecer os máis comúns:

### **Plano Xeral**

Ten unha función descritiva. Na imaxe o que máis se ve é onde sucede a escena pero tamén aparece o ou a protagonista.

### **Plano Figura**

Este encadre, tamén chamado plano enteiro, ensina ao protagonista da cabeza aos pés, ofrecendo información da figura e do vestiario.

### **Plano americano o $\frac{3}{4}$ (tres cuartos)**

Nel o encadre sitúase na perna, aproximadamente na metade dos muslos .

### **Plano medio**

O plano medio corta ao protagonista aproximadamente na zona da cintura.

Este tipo de plano permite ver cousas coma os xestos, conservando detalles da paisaxe na que están.

### **Plano medio corto**

Algo máis cerrado que o plano medio, o plano medio corto corta a imaxe polo peito do protagonista.

### **Primeiro plano**

O primeiro plano céntrase no rostro do protagonista. Sirve para que vexamos os sentimentos, a mirada, a expresión, etc.

Vai desde os ombreiros ata a parte de encima da súa cabeza.

### **Plano detalle**

Utilizado para dar énfasis aos detalles da narración. Poden ser por exemplo detalles do suxeito, dun obxecto ou dun animal que se queira destacar.